

RECRUTAMENTO EXTERNO: PAUTAS XERAIS NA REDACCIÓN DE OFERTAS DE EMPREGO:

As ofertas de emprego teñen que reflectir as características xerais do perfil do posto, temos que considerar unha serie de aspectos que servan para “atraer as persoas candidatas”.

1. Comezar coa identificación do nome da organización, de seguido introducir o nome do posto ofertado coas características que se solicitan: formación e experiencia, lugar de traballo, e as condicións que ofrece a organización: condicións económicas, vehículo, formación a cargo da empresa..etc
2. Incluír a dirección de contacto onde remitir o C.V., ben correo postal ou ben dirección electrónica.
3. Considerar aspectos de localización espacial e tamaño dentro do xornal onde se publica a oferta, xa que a súa colocación na páxina dereita e na parte superior pode facilitar a “atracción pola oferta”. Se a oferta é publicada en Internet incluíranse “banner” animados para captar a atención das persoas candidatas.